

MEMORIA DO TÍTULO

| CENTRO | TÍTULO | DATA DO DESEÑO | DATA DE IMPLANTACIÓN |
|------------------------|--------------------------------|----------------|----------------------|
| FACULTADE DE FILOLOXÍA | MÁSTER EN ESTUDOS LINGÜÍSTICOS | 15/12/2008 | 01/09/2009 |

ANÁLISE DA EFICACIA DO TÍTULO

Primeiro ano de implantación do título (Comisión académica de 16 de novembro de 2010)

Valorar o cumprimento do proxecto establecido, aspectos máis relevantes e resultados cualitativos e cuantitativos obtidos. Principais conclusións, debilidades detectadas, boas prácticas e propostas de mellora

1. Recibe unha valoración positiva o deseño do programa de estudos: o número de materias, a distribución en módulos (comúns e optativas de especialidade), número de créditos destinados ao TFM (en función dun máster anual de 60 créditos), tipo de materias, etc.
2. O tempo destinado a docencia presencial (30 horas en horario de tarde cada 6 créditos) é valorado positivamente polos alumnos, pois permite compatibilizar o programa de estudos con outras tarefas (traballos de mañá, máster de secundaria pola UNED, etc.).
3. As dúas modalidades de impartición da docencia (tempo completo, parcial) revélanse como insuficientes para cubrir a demanda dos alumnos potenciais; foron varios os profesores de ensino medio que preguntaron por correo electrónico sobre a posibilidade de cursar o programa de forma semi-presencial, mediante cursos virtuais.
4. A organización trimestral, deseñada para que o terceiro trimestre se puidera destinar integramente ao TFM, presenta algunhas desvantaxes dende o punto de vista académico. Obriga a concentrar o período de docencia en dous trimestres e non facilita a lectura reflexiva da bibliografía polos alumnos nin a sedimentación das ideas. Entre as propostas de modificación para superar algúns destes problemas figuran: a) redistribución das materias en horario de outubro a abril; b) encargo docente de 6 créditos a un único profesor, alomenos nas materias do módulo común, para favorecer a homoxeneidade e unha distribución máis equilibrada dos contidos; c) consideración do TFM como unha reelaboración dun traballo vinculado a un curso concreto; d) cambio na ordenación temporal de dúas materias comúns: *Métodos de investigación en Lingüística e O estudo do discurso*.
5. Axustes nos horarios: para o curso 2010-11, foi eliminada unha incompatibilidade horaria entre unha optativa do módulo de *Lingüística española* e outra de *Lingüística aplicada e Teoría da lingüística*. Para o curso 2011-12, o calendario será remodelado: actividades de outubro a abril (maio-xuño TFM).
6. Os recursos de aprendizaxe (fondos bibliográficos, documentos en liña, sala de ordenadores, etc.) resultan accesibles para os alumnos.
7. Dende xullo de 2009 existe unha páxina web específica (<http://lingesp.usc.es/posgrao/master>), que contén toda a información relativa ao máster (en galego e castelán). Os alumnos poden descargar os programas en formato PDF. Os programas tamén son accesibles dende a páxina web do centro.

Foron realizadas modificacións nos programas (recortes de temas, orientación, bibliografía) para o curso 2010-11, con obxecto de axustalos ao tempo de estudo dispoñible e ao tipo de alumnado matriculado.

8. Tódolos programas das materias indican de forma clara os criterios de avaliación. Nas materias que son impartidas por dous profesores, o procedemento de avaliación non depende do xuízo dun único avaliador.
9. A normativa específica de TFM (adaptación da normativa xeral da USC e aprobada pola Comisión académica o 13/04/2010) contén indicadores precisos para a avaliación dos TFM, co obxecto de garantir unha avaliación homoxénea. Tamén está contemplada a elaboración dun informe polo director do TFM.
10. Existen indicacións específicas para a elaboración dos TFM, a súa presentación e defensa pública, a composición dos tribunais, etc. Os datos están na páxina web.
11. Foron realizadas consultas periódicas aos alumnos sobre o desenvolvemento do programa. A coordinadora reuniuse en tres ocasións cos alumnos (23 de setembro de 2009, 20 de xaneiro de 2010, 14 de abril de 2010) e unha cos profesores (14 de xaneiro de 2010).
12. Comisión de garantía de calidade: a composición que figuraba na memoria resulta pouco operativa. Proposta: reducir o número de membros: Coordinador + dous profesores + dous alumnos + 1 administrativo
13. No curso 2009-10 o máster foi divulgado mediante carteis e trípticos. No curso 2010-11 non se utilizou este procedemento de divulgación. Algúns profesores recomentan volver empregalo. Nunha reunión do 17/06/2010 cos Vicerreitores de Oferta Docente e EEES e de Política Internacional indicáronse os mecanismos de promoción dos másteres por parte da USC en foros internacionais.

14. Eficacia do título

- 14.1. Admisión e matrícula no curso 2009-10: Máximo planificado: 20 → Total de matriculados: 7 . É preciso mellorar as cifras de matrícula: entre 10 e 20 para un máster de perfil académico-investigador.

Valórase positivamente o número de alumnos estranxeiros: 2 de 7 (28.6%)
- 14.2. Valóranse positivamente os resultados académicos:
 - a) Taxa de eficiencia: planificado: 90% → Obtido: 100%
 - b) Taxa de graduación: planificado: 70-80% → Obtido: 71.43%
 - c) Taxa de abandono: planificado: 20% → 0.00%
- 14.3. Resultados das enquisas de avaliación realizadas polos alumnos. Os resultados do programa son superiores á media da USC en tódolos indicadores empregados:
 - a) Porcentaxe de docentes con valoración maior de 6 (máximo 7): 92.3%
 - b) Porcentaxe de docentes con valoración entre 5 e 6 (máximo 7): 7.7%
- 14.4. Resultados de satisfacción do docente coa docencia: os resultados obtidos no programa tamén están situados por encima da media da USC
- 14.5. Xestión de recursos humanos: tódolos docentes do máster son doutores e o promedio de sexenios é elevado.
No curso 2010-11, foi solicitado con cargo a programas de mobilidade de profesores do MEC unha profesora invitada.

- 14.6. Mobilidade: 1 alumno procedente do intercambio Sócrates/Erasmus. Esta cifra foi mellorada no curso 2010-11.
As cifras de alumnos con mobilidade de entrada poden incrementarse pola vía de matrícula de alumnos de intercambio. En calquera caso a mobilidade é moi dependente do financiamento externo. En novembro de 2010 tres alumnos estranxeiros solicitaron cartas de preadmisión no máster co obxecto de solicitar bolsas.
Dado que o programa de estudos ten menos dun ano de duración, non se estima necesario contar con mobilidade de saída (aconsellable, en cambio, no período de investigación dos programas de doutoramento)
15. Todos os mecanismos de programación, coordinación e avaliación dos programas adaptados ao EEES comportan unha sobrecarga administrativa dos axentes implicados, coa conseguinte merma de eficiencia nos ámbitos docente e investigador.

2. Accións levadas a cabo ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación:

O informe final de verificación da ANECA (22/06/2009) non contén recomendacións. O informe favorable da ACSUG (13/05/2009) incluía recomendacións relativas aos seguintes aspectos:

- a) Traslado de dúas competencias ao apartado de obxectivos.
- b) Indicación dos niveis de dominio das linguas nos módulos de especialización: C1/C2 de español, alemán, francés e italiano. Nivel de inglés mínimo A2.
- c) Inclusión de requisitos de formación previa no caso de alumnos con títulos de acceso inferiores a 240 créditos.
- d) Fixación de criterios xerais de avaliación para as materias, á marxe dos específicos recollidos na memoria para cada materia.
- e) Indicacións máis específicas sobre a planificación e a xestión da mobilidade.
- f) Reestructuración de competencias nalgún módulo e materia.
- g) Inclusión na memoria de indicadores máis precisos sobre "recompilación e análise da información referidas á resultados de aprendizaxe".

Accións levadas a cabo:

- a) Modificación na memoria do Título.
- b) Traslado á páxina web.
- c) Acción de mellora: é necesario resaltar na información da páxina web a recomendación recollida no apartado b) anterior sobre os niveis de dominio de linguas para o acceso ao máster de alumnos estranxeiros.

PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

| ACCIÓN DE MELLORA | TAREFAS | RESPONSABLE DA TAREFA | PRAZO DE IMPLANTACIÓN | RECURSOS NECESARIOS |
|--|--|--|--------------------------------------|---------------------|
| Perfeccionar a información ofrecida na páxina web | a) Engadir un apartado específico con información para alumnos estranxeiros b) Engadir un apartado con "Preguntas máis frecuentes" (FAQ) c) Reformar a información relativa á secuencia temporal (de trimestral a cuadrimestral) d) Recolocar algúns datos para mellorar a súa visibilidade e) Destacar as esixencias sobre dominio de linguas para o acceso ao máster (niveis requeridos) | Coordinadora | xuño de 2011 | |
| Apertura dun espazo destinado a docencia en línea ou virtual | a) Aproveitamento dos recursos que ofrece a plataforma virtual da USC b) Inclusión dun espazo na páxina web do programa para descarga de documentos | Profesores do programa Coordinadora | setembro de 2011 maio de 2011 | |
| Remodelación dos horarios | Someter á Comisión académica un novo calendario de actividades académicas consonte ao cambio de secuencia temporal (de trimestral a cuadrimestral) | Coordinadora | Febreiro-Marzo de 2011 | |
| Carteis anunciadores | Impresión dos carteis promocionais que diseña a USC | Coordinadora e Dirección do Departamento de Lingua española | Xuño-Xullo de 2011 | |
| Divulgación da oferta entre alumnos Erasmus, Sócrates e de Intercambio | Difusión na Facultade de Filoloxía | Coordinadores de Erasmus, Sócrates, Comisión académica, profesores do máster | Curso 2010-11 | |
| | | | | |

ANÁLISE, RESUMO E CONCLUSIÓNS

Fortalezas: a) Planificación das ensinanzas (elaboración de PDA, POD, programas das materias); b) Acceso á información (páxina web); c) Valoracións do programa polos estudantes; d) Implicación dos profesores na formación dos alumnos, na adaptación as súas peculiaridades, e nas actividades de orientación.

Debilidades: a) Non contemplar unha modalidade semi-presencial; b) A secuencia trimestral, que debe ser substituída por outra cuadrimestral; c) Horarios, que deben ser axustados; d) número de alumnos, que debe incrementarse.